

A/A XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Avda. María Victoria Moreno, 43 5ª Pl. - 36003 - Pontevedra (Pontevedra)

Asunto: Alegacións ao estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cuntis (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/13-4).

Don/Dona _____ con DNI _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cuntis (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/13-4).

expoño as seguintes alegacións:

- 1) **O Parque Eólico incumpre as novas disposicións establecidas pola Xunta de Galicia (art. 39 da Lei de acompañamento Lei 182021) respecto a distancia a núcleos de poboacións** afectando aos seguintes núcleos:
 - **Cortegada a 600 m** do aeroxerador AE05 (O modelo de aeroxerador é o SG-145, 162,5 metros de altura total, polo que a distancia mínima sería de 812,5 metros) e a **745 m** de AE02 (O modelo de aeroxerador é o SG-145, 162,5 metros de altura total, polo que a distancia mínima sería de 812,5 metros).
 - **San Torcado a 800 metros** do aeroxerador AE2 (O modelo de aeroxerador é o SG-145, 162,5 metros de altura total, polo que a distancia mínima sería de 812,5 metros).
- 2) O proxecto non conta coas pas dos aeroxeradores, elemento indispensable para a produción enerxética (incumprindo o Plan Sectorial Eólico de Galicia).
- 3) **Non se xustifica correctamente o proxecto como “Proxecto de Interese Autonómico”** por incidir en contradicións co Plan Sectorial Eólico de Galicia.
- 4) A relación de bens afectados (RBA) non contempla a afección da **zona de protección eólica** (200 m. ao redor de zona de voo de cada aeroxerador) na que se ven reducidos os dereitos e liberdades dos propietarios polo que debe haber unha valorización económica explícita desta perda. Este recoñecemento debe incluírse no RBA relacionando titulares, parcelas e superficie afectada.
- 5) Un dos aeroxeradores está na zona de policía dun nacente de auga pero **non se avalían medidas para previr afeccións sobre os nacentes ou cursos de auga**.
- 6) **O impacto paisaxístico e visual é crítico** pero está minimizado no proxecto.
- 7) O impacto turístico é crítico pero está minimizado no proxecto. Por exemplo, dos 16 miradores autonómicos da Xunta ós que afecta, ten **afección paisaxística ALTA** en 14 deles.
- 8) Os terreos afectos polo parque eólico pasan a ser Solo Rústico de Protección de Infraestruturas o que pode resultar **incompatible coa percepción de axudas da Política Agraria Común (PAC)**.
- 9) Contrádicese o artigo 9.1 da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do solo de Galicia, pois o parque eólico está afectando a un lugar de paisaxe aberto e natural, rompendo a armonía da paisaxe e limitando o campo visual

- 10) O PIA de Greenalia incide na falsedade cando di que "aleja los pueblos de las molestias debido al ruido producido por los aerogeneradores". A aldea de Cortegada está afectada por uns niveis sonoros de explotación de entre 40 e 45 dB, e as aldeas de San Torcado e Montillón de Arriba por entre 35 e 40 dB.
- 11) Para o **estudo acústico**, as distancias entre os aerogeneradores e os núcleos de poboación non se atopan correctamente indicadas considerándose unha **análise irreal**. Así mesmo, os cálculos dos niveis de ruído conteñen unha serie de erros dando lugar a resultados enganosos.
- 12) A **metodoloxía empregada para analizar as aves e morcegos** contradí a viabilidade do mesmo e o estudo de morcegos presenta graves defectos na metodoloxía. Por exemplo non inclúe os voires.
- 13) O EIA de Greenalia entra en falsedades no seu punto 1.4.2. onde asegura que a enerxía eólica é completamente segura para os animais. Está cientificamente probado que os parques eólicos son a causa da morte de aves planeadoras, morcegos e aves rapaces directamente, e indirectamente de anfibios e réptis.
- 14) **O proxecto sitúase moi preto das "Brañas de Xestoso", Zona de Especial Conservación** o que supón un perigo para a conservación deste espazo, en especial para as aves.
- 15) **Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 (non construción do parque eólico)** en relación a tódolos aspectos ambientais e socioeconómicos..
- 16) Comezaron as obras sen autorización das comunidades de montes nen dos propietarios (xa se alisou o terreno onde van ir os aerogeneradores e comezaron as pistas).
- 17) O análise da relación do contido do proxecto de interese autonómico non inclúe toda a lexislación vixente, faltando os planeamentos urbanísticos vixentes do concello de Cuntis
- 18) **O parque eólico afecta directamente a elementos patrimoniais**, como petróglifos.
- 19) O **Estudo de Impacto Ambiental non recolle** toda a normativa ambiental vixente vinculante.
- 20) O **impacto turístico do proxecto é maior ao valorado**, non se analizan todos os elementos afectados na contorna.
- 21) O promotor non explicou nen fixo partícipe do proxecto ás comunidades afectadas, de feito, moitos dos afectados descoñecen sequera

En virtude de todo o exposto,

SUPLICO: A **non construción** do parque eólico en base ao rexeitamento das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cuntis (Pontevedra) (expediente **IN661A 2011/13-4**).

Campo Lameiro, a, _____ de _____ de 2022